



ÍNDICE - SUMARIO



N.º 219

Volume XLIV

setembro-outubro 2020

Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

Proposta pastoral en *Evangelii Gaudium*

por Antonio Ávila Blanco 5

Resistencia que impiden unha reconversión pastoral

por Manuel Regal Ledo 19

Achegas

Modelo e estilo organizativo da Diocese de Bilbao

por José Agustín Maiz Alcorta 37

Os Cotos, unha igrexa que quere ser IGREXA

por Gonzalo Domínguez Barciela 46

Unha experiencia pastoral na parroquia de Mandiá

por Carme Soloso Blanco 55

Cáritas, o rostro humano da Igrexa

por Manuel Regal Ledo 64

Un ourensán na Etiopía profunda: Juan González Núñez

por Ramón Cao Martínez 76

Crónica da Romaxe

En tempos de pandemia, Rumores de Romaxe (12-09-2020)

por Lois Ferradás Blanco 83



In memóriam

Rosina Hermida Vidal
por Elvira Santos Pena 86

Jesús Acuña Garrido, Xesús de Praceres
por Rubén Aramburu Molet 89

Jesús Acuña Garrido. Nota autobiográfica
por Jesús Acuña Garrido 94

Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 98

Recensións

*Espacios litúrgicos de mujeres. Revisar el pasado, transformar
el presente, diseñar el futuro*
por Marisa Vidal Collazo 115

Na soleira do Deus da vida
por Ramón Díaz Raña 117

Ilustracións

por Soedade Pite 87, 91



Hai números de *Encrucillada* máis teóricos que buscan unha clarificación conceptual daqueles temas teolóxicos ou morais cuxo fundamento se xoga en cuestións de principios. E hai, tamén, números dun carácter máis práctico e vivencial nos que se opta por poñer en contacto aos lectores e lectoras con iniciativas eclesiais que camiñan polo sendeiro da reforma.

Este número 219 da nosa revista reproduce o último modelo. O cal non significa que renuncie á reflexión e á fondura das análises e presentacións. Boa proba disto son os dous estudos principais que enmarcan as achegas máis concretas.

O primeiro, o de Antonio Ávila, reflexiona con sinxeleza e claridade sobre os elementos centrais da reforma pastoral que propón o Papa Francisco na *Evangelii Gaudium*. Ofrece eses elementos non só como letra dun texto maxisterial, senón sobre todo como o espírito decisivo co que afrontar os desafíos do presente para mellor encarar o futuro das nosas comunidades eclesiais tan feridas de rutinas clericais, de devocións restauradas e de inconscientes inercias cara a ningures.

O segundo, o estudo de Manolo Regal, fíxase nos impedimentos e resistencias que dificultan e lastran a realización inmediata da reforma. Cun ton sapiencial, que denota vivencia fonda dos procesos sinalados, o autor destaca atrancos coma a tentación da escapada, o peso da senectude, o paso lento nestes procesos de longo alcance, e outros. É de destacar a súa capacidade para descubrir, tamén, na análise dos atrancos, positivas posibilidades de superalos.

As achegas ilustran con detalle e realismo os esforzos de diferentes igrexas locais por aliñárense coa reforma de Igrexa en saída do Papa, de maneira audaz e creativa, recoñecendo a importancia dos carismas laicais e dándolle oportunidade real de desenvolvemento.

José Agustín Maiz Alcorta achéganos ao modelo eclesial vivido na diocese de Bilbao nestes últimos anos. Cómpre fixarse en todo canto di acerca da figura do «Referente Parroquial».

Gonzalo Domínguez Barciela nárranos a experiencia pastoral da Unidade Pastoral, «Os Cotos», da diocese de Tui-Vigo. Por medio

de trazos definitorios debúxanos o perfil desta activa comunidade de comunidades.

A compañeira do Consello de Redacción de *Encrucillada*, Carme Solloso, ilústranos sobre a experiencia de crecemento e liderado das mulleres na parroquia de Mandiá, onde serve como párroco ese incombustible todoterreo que é Xaquín Campo Freire. Os lectores e lectoras verán nesta achega os froitos dunha pastoral que, durante décadas, buscou a autonomía dos leigos e, sobre todo, o traballo activo e recoñecido das mulleres.

Noutra orde de cousas, publicamos tamén unha crónica de Lois Ferradás sobre a última Romaxe. Romaxe especial porque se celebrou a distancia e a través de medios telemáticos. Así coma unha interesantísima sondaxe –feita por Manolo Regal– sobre as Cáritas de Galicia na que os datos reflicten a importancia capital da acción caritativa da Igrexa, sobre todo, nestes tempos de pandemia e crise. Non de palabra, senón de obra.

Obra e palabra que tamén se xuntan na entrega pastoral do misioneiro ourensán Juan González Núñez que, da man de Ramón Cao, vemos como dedicou pensamentos, soños e suores ao pobo de Etiopía. Hai vidas, como a deste misioneiro galego, que son tan descoñecidas fóra do seu máis inmediato círculo que cómpre facelas públicas, polo menos, como referentes e, tamén, como invitacións a descubrir mundos, culturas e latitudes que nos fan mirar a nós mesmos de xeito ben diferente.

Vidas entregadas, como a de Rosina Hermida Vidal, tal e como a lembra e celebra Elvira Santos Pena no seu In Memóriam. Ou como a de Xesús Acuña, histórico membro do noso Consello de Redacción, finado hai pouco. Neste segundo caso publicamos un texto autobiográfico do propio Xesús e un recordo agarimoso de Rubén Aramburu sobre o párroco de Praceres.

A Rolda de Igrexa de Manolo Regal e dúas recensións –de Marisa Vidal e Ramón Díaz Raña– completan este número de outono que xa nos orienta cara final de ano.

Pedro Castelao